Con anterioridad a la convocatoria se pueden sugerir los temas que los miembros estimen convenientes, que serán comunicados al Secretario para que los someta al parecer de la Comisión permanente a la hora de preparar el orden del día.

### **Presidencia de las reuniones**

**Art. 23.** Cualquier reunión que se convoque, sea del Pleno o de la permanente, será presidida por el Obispo, o, en su ausencia, por el Vicario General o un delegado.

### **Votaciones.**

**Art. 24.** En las votaciones se seguirán las normas del Derecho Canónico (cc. 119 y 127).

El Presidente decidirá si alguna vez procede someter el asunto a votación secreta, bien por propia iniciativa, bien a petición de alguno de los consejeros.

### **Derecho y deber de asistencia; justificación de ausencias.**

**Art. 25.** Es un derecho y un deber de los consejeros la asistencia a las reuniones.

Las ausencias habrán de justificarse, ante el Presidente, a través del Secretario del Consejo.

Al inicio de las reuniones del Pleno y de la Permanente el Secretario hará saber a los consejeros las ausencias, si las hubiere.

### **Temas de estudio.**

**Art. 26.** Los temas objeto de estudio deberán ser enviados con antelación a los miembros del Consejo para que puedan traerlos estudiados y evaluados, y podrán ser presentados por un relator o ponente en la sesión del Pleno.

Los informes se emitirán manifestando cada uno de palabra su parecer, a no ser que algún consejero prefiera emitirlo por escrito.

### **Publicación de los Acuerdos.**

**Art. 27.** Se publicará y divulgará lo tratado en las sesiones del Consejo, cuyo medio habitual será la inserción en el Boletín Oficial del Obispado del acta de la reunión o de un extracto de la misma, o de alguna resolución aprobada; se comunicará también en la página web del obispado. De acuerdo con el Art. 17, f de los Estatutos.

## **Capítulo IV: ORGANISMOS VINCULADOS CON EL CONSEJO DE ECONOMÍA**

### **Fondo Común Diocesano para el Sostentamiento del Clero**

**Art. 28.** La administración ordinaria de este Fondo se encomienda a los órganos de la Administración Económica diocesana, bajo la dirección del Ecónomo (c. 494), pero con autonomía contable (Decreto de la C.E.E. de 15.5.1985), y de acuerdo con las normas del Reglamento de este (Art. 17).

Se constituirá un Órgano de Control, integrado por cuatro sacerdotes: tres, de libre elección del Consejo Presbiteral, y uno, entre los miembros del Consejo Diocesano de Asuntos Económicos. (Art. 18 del Reglamento del Fondo).

### **Elección de un miembro del FCDSC**

**Art. 29.** Será cometido del Consejo proponer a un miembro, de entre los que forman el Consejo Diocesano de Asuntos Económicos, para que forme parte del Órgano de Control del FCDSC, que será nombrado por el Sr. Obispo.

## **Capítulo V: RENOVACIÓN DEL CONSEJO**

### **Renovación**

**Art. 31.** El Consejo se renovará cada 5 años.

---

*CHANCELERÍA-SECRETARÍA*

---



## Nomeamentos

O Señor bispo asinou os seguintes nomeamentos:

### 3 de maio

**D. Sebastián Castro Miranda**, Secretario do Consello Diocesano de Asuntos Económicos por cinco anos.

**D. Ángel Marzoa Rodríguez**, membro do Órgano de Control do fondo de Sostemento do Clero por catro anos.

### 1 de xuño

**D. José Diéguez Dieppa, D. Manuel Lage Lorenzo e a Irmá María Elena Blanco Gallinal**, membros do Consello Diocesano de pastoral por catro anos.

### 6 de xullo

**Instituto Teolóxico San Xosé trienio 2021-2022, 2022-2023 y 2023-2024.**

**D. Guillermo C. Juan Morado**, director por 3 anos.

**D. Juan José González Estévez**, Secretario Xeral.

**D. Ángel Carnicero Carrera e D. Jesús Martínez Carracedo**, representantes dos profesores na Xunta de Goberno.

**D. Avelino Bouzón Gallego**, bibliotecario.

**D. Ángel Carnicero Carrera e D. Manuel Lage Lorenzo**, membros da Comisión de Biblioteca.

**D. Ángel Marzoa Rodríguez**, director do anuario Telmus e Coordinador da Comisión de Publicacións.

**D. Juan Luis Martínez Lorenzo e D. Juan Carlos Sendón Fojo**, membros da Comisión de Publicacións.

**22 de xullo**

**D. Carlos Enrique Borrás Díaz de Rábago**, Delegado Episcopal para la Semana Santa de Vigo por catro anos.

**6 de agosto**

**D. Ángel Carnicero Carrera**, rector do Seminario Maior San Xosé de Vigo.

**D. Samuel Montes Costas**, formador do Seminario Maior San Xosé de Vigo.

**D. Juan Diz Miguélez**, párroco da parroquia de Santa Clara de Vigo por 6 años.

**D. Luis González Cedeira**, párroco de San Pedro de Sárdoma e de Santa Lucía de A Salgueira por seis anos.

**D. José Vidal Novoa**, párroco da Basílica de Santa María de Vigo por 6 años.

**D. Sebastián Castro Miranda**, párroco de Nosa Sra. Da Guía de Randufe, de Nosa Sra. Das Dores de Frinxo e de Santiago de Malvas por 6 anos e formador do Seminario Menor "San Paio de Tui".

**D. José Alberto Montes Rajoy**, párroco de Santa Marta de Vigo e de Santo Tomé de Freixeiro por 6 anos.

**D. José Alberto Montes Rajoy**, Delegado Diocesano de Migracións.

**D. Gonzalo Otero Martínez**, Delegado Diocesano de Catequesis.

**D. Juan De Olazabal Zarauza**, estudos de Teoloxía na Universidade de Comillas (Madrid) especialidade de espiritualidade.



## Defuncións

### **D. Celso Rodríguez Fernández (1932-2021)**

O día 10 de xuño de 2021, na Residencia Paz e Ben de Tui, finou o Rvdo. D. Celso Rodríguez Fernández, á idade de 88 anos, despois dunha longa enfermidade.

D. Celso naceu o día 8 de novembro de 1934 na vila de Goian, concello de Tomiño, sendo fillo de Manuel e de Virginia.

Despois de realizar os estudos no Seminario de Tui, ordeounse presbítero no Convento das Clarisas da mesma cidade, o día 17 de xuño de 1956. No ano 1958 solicita realizar os estudos de Teoloxía en Roma que rematará doctorándose en Teoloxía no ano 1961. Seguidamente e ata o ano 1963 será profesor de latín no Seminario Menor.

Nese mesmo ano é nomeado capelán das Fillas da Caridade de Tui ata o ano 1973. Será no ano 1969 cando comeze a súa labor docente na Universidade, primeiro na Universidade e Santiago ata o ano 1972 e lgo na de Vigo ata a súa xubilación.. O día 1 de outubro de 1994 é nomeado decano da facultade de Humanidades da Universidade de Vigo. No ano 2003 xubilase da docencia pasando a ser catedrático emérito.

Todo o anterior vai unido a súa gran fundamción que é a JUM (Juventud Unida en Marcha) que é fundada no ano 1963. Esta obra estivo sempre dedicada aos xóvenes e que tantos froitos deu entre eles e para toda a diocese.

D. Celso é nomeado coengo da SIC de Tui no ano 1998, penitenciario no 2006 e Honorario no 2008.

O día 12 de xuño é enterrado na parroquia de Sobrada.

*VIVAT CUM CHRISTO IN AETERNUM*

### **“Don Celso”, un cura universitario que vivió para los jóvenes**

En la pasada noche del día 10 de junio, después de un día de eclipse parcial de sol, se apagó también para siempre, en la Residencia Paz y Bien de Tui, en la que llevaba largo tiempo internado, un sencillo y sabio sacerdote que había sido ilusionante luz en el camino para muchos jóvenes de nuestra diócesis, desde los años setenta. Después de 65 años de sacerdocio - incansable y piadoso “al estilo de Celso”, que no pudo ser patentado jamás por ninguna acreditada agencia de pastoral, Celso Rodríguez Fernández, que fue, entre otros muchos encargos, profesor del Colegio Universitario vigués y más tarde Decano de la facultad de Humanidades de la Universidad de Vigo y profesor de Filología Latina en las Universidades de Salamanca y Santiago, además de impartir esa asignatura a varias generaciones de estudiantes en los seminarios de la diócesis de Tui-Vigo. Simplemente es obligado añadir que “don Celso”, como se le llamaba habitualmente, y solo por destacar su valía profesional como docente, aunque lógicamente no me entretenga en citar sus numerosos escritos, ensayos y minuciosos equilibrios poéticos latinos, era además de Doctor en Filosofía y Letras (sección Filología Clásica), también Doctor en Teología y Prelado de Honor de Su Santidad, canónigo de la S.I. Catedral de Tui y Fundador de La JUM (Juventud Unida en Marcha) asociación a la que dedicó su vida, sus ilusiones e incluso su patrimonio. Es sabido que para el cuidado y la formación de los jóvenes, su obsesiva pasión, mandó construir en Paramos (Tui) un gran Centro de Espiritualidad.

El hijo de Manuel y de la señora Virginia, que habían llegado de Goián para vivir en el lugar de Torrón en san Salvador de Sobrada, celebró allí su primera misa en junio de 1956 y se marchó a estudiar a Roma y luego a Salamanca hasta su vuelta a la diócesis en donde comenzaría su ministerio en la ciudad de Tui, junto con don Ricardo, ambos como vicarios parroquiales del señor Abad, don Manuel... En todo tiempo le preocupaba la formación humana y cristiana de los jóvenes y a ello dedicaba en las parroquias que visitaba, por la noche, con su equipo de devotos seguidores, su tiempo y su dinero: música, teatro, disertaciones, conciertos y charlas... Todas las metodologías al uso se ponían en práctica para enseñar, entretener y encandilar hacia el bien a los que a

la JUM se acercaban. Con nostalgia llorarán hoy muchos jóvenes y matrimonios al querido, y no siempre del todo comprendido, don Celso.

Kilómetros y kilómetros, gasolina y gasolina, tardes y tardes, noches y noches, ensayos y ensayos de teatro y de canciones, sueños y sueños, unos perdidos y otros soñados... Tales son los mimbres con que se ha tejido la entrega de don Celso a los jóvenes y a la Iglesia. Escrupuloso y puntilloso como él era a la hora de calificar en los exámenes, seguramente él esperaría ahora, en el de fin de curso y dada su humildad, una nota muy baja, quizá un 4,96; pero la realidad de la misericordia divina acertará como siempre, pues al Celso estudiante habitualmente se le calificaban con un *meritissimus cum laude!*

Alberto Cuevas F.  
Sacerdote y periodista

## Órdenes

O día 4 de xullo de 2021 na S.I. Catedral de Tui, o Sr. Obispo D. Luis Quinteiro Fiuza, instituiu:

Presbíteros aos diáconos,

**D. Jesús García Lourido.**

**D. Gabriel Gómez García**

Díaconos aos acólitos,

**D. Ramiro Álvarez Martínez**

**D. José Emilio Veiga Balseiro.**

---

*VIDA DIOCESANA*

---



## **Religiosas Angélicas**

### **Reseña de la fundación en Vigo 13/02/1960 - 23/04/2021**

La presencia de la Congregación de Hermanas del Sagrado Corazón de Jesús y de los Santos Ángeles (Angélicas) en Vigo data del 13 de febrero de 1960. La Madre General, Concepción Grañeda, junto con su Consejo General, en noviembre de 1959 tomaron la decisión de Fundar en Vigo una Residencia, dada la insistencia con que se pedía nuestra presencia en esa ciudad. Consiguieron un chalet en la calle López Mora 2, del que era propietario Don Alvaro Quirós. Se dieron los pasos necesarios, se preparó convenientemente el Chalet y fueron las religiosas que habían de formar la Comunidad. En Vigo encontraron las Hermanas una acogida sumamente cariñosa en Don Alfonso García Hermida y su esposa Doña Elena, amigos y bienhechores de la Congregación en la ciudad de Vigo. El día 19 de febrero hicieron una visita al Sr. Obispo Don José López Ortiz O.S.A. quien las recibió muy amablemente y les concedió permiso para tener Reservado y más tarde les nombró un capellán, Don Santiago Álvarez Regó, canónigo y profesor del Seminario.

Rápidamente iniciaron las obras de ampliación del chalet y la casa comenzó a tener vida con las señoras que solicitaban ingresar como residentes. La Residencia Inmaculada Concepción (Angélicas) de Vigo, se ha definido siempre como un centro de atención integral, de puertas abiertas a la comunidad, que ha permitido un clima de convivencia basado en el respeto mutuo, en la igualdad y en la dignidad de la persona, promoviendo la libertad e independencia de cada una.

Este respeto ha hecho posible una óptima asistencia, potenciando las capacidades de las señoras Residentes, reforzando los hábitos básicos de autonomía, las actividades sociales y de ocio, a través de programaciones continuas, contando para ello con la iniciativa y participación de la propia residente. También hemos considerado y cuidado el "servi-

cio de escucha", ajustándonos al máximo a cada perfil individual, en un clima de comprensión, empatía y secreto profesional.

Nuestro carisma de "ser ángeles de la soledad" lo realizamos acogiendo y cuidando, corporal y espiritualmente, a señoras que, tal vez por los cambios de la vida, están inmersas en la soledad, con el fin de infundir en sus vidas consuelo, ternura y misericordia que les ayuden a afrontar con serenidad la última etapa de su vida.

Tristemente, después de 61 años, hemos tenido que tomar una decisión dolorosa para nosotras y para nuestras residentes, motivada, especialmente, porque la Xunta de Galicia nos ha ido exigiendo adecuaciones a la normativa vigente para poder tener personas dependientes. Hemos estudiado la forma de adecuar la casa de acuerdo con lo que nos piden, pero después de hacer un proyecto de obra vimos que quedaba sumamente reducido el número de habitaciones y el coste de esta remodelación era más alto que comprar una residencia nueva; por otra parte, a nosotras nos es imposible continuar, pues congregacionalmente estamos pasando un momento muy difícil ocasionado por la disminución de vocaciones y el envejecimiento de las Hermanas. Añadido también la distancia entre el resto de las casas.

La Congregación de las Hermanas Angélicas, siempre hemos hecho un gran esfuerzo por adaptarnos y cumplir las normativas que nos han requerido, pero en este momento no nos ha sido posible llevar a cabo la reforma que se nos pide, por lo cual nos hemos visto urgidas a ceder la actividad de esta residencia.

Sentimos profundamente la dificultad que para las señoras y sus familiares supone este hecho por lo que hemos intentado buscar solución a través de otra entidad que se comprometiera a realizar el servicio de atención que hasta el día de hoy les hemos venido prestando; de tal manera que solamente sea un cambio de casa, porque todos los servicios quedan cubiertos en la nueva Residencia.

Es por ello que les hemos proporcionado y facilitado el traslado, tanto a las señoras como a las trabajadoras, a la Residencia CLECE VITAM, con domicilio en Vigo en la calle Emilia Pardo Bazán, nº 116, con el fin de que las señoras queden atendidas por el mismo personal y las



trabajadoras mantuvieran su trabajo. Esta entidad tiene una gran experiencia en el cuidado y atención a las personas mayores, ofreciendo una asistencia integral desde los puntos de vista sanitario, personal y social, según las diferentes situaciones de dependencia.

El día 11 de abril, domingo de la Misericordia el Sr. Obispo, don Luis Quintero Fiuza, tuvo el detalle de presidir la Eucaristía de despedida de las señoras y de las Hermanas. Estuvo muy cercano, comprensivo y agradecido. Expresó su sentimiento por no poder contar, de momento, con la presencia de la Congregación en la Diócesis, ya que ha supuesto una gran riqueza el carisma legado por Santa Genoveva, y agradeció mucho la misión apostólica que hemos realizado durante 61 años. Resaltó el que nos hayamos preocupado de buscar otra residencia para dejar a las señoras bien atendidas, incluso, con las mismas trabajadoras.

Entre las últimas decisiones que tomamos fue la de donar a la residencia donde han quedado las señoras y en atención a ellas que son tan piadosas, los objetos sagrados de la Capilla para que puedan continuar con el Santísimo en casa y siga siendo para ellas fortaleza, consuelo y compañía.

Los días del 19 al 23 de abril se fueron trasladando las señoras en pequeños grupos a la nueva Residencia y el día 23 la Madre General, Ma. del Carmen del Amo Guerrero, y la Administradora General, Teófila Gonzalo Millán les visitaron en la residencia a la que se trasladaron para despedirse de todas.

## **Relixiosas Anxélicas**

### **Recensión da fundación en Vigo 13/02/1960 - 23/04/2021**

A presenza da Congregación de Irmás do Sacro Corazón de Jesús e dos Santos Ángeles ( Angélicas) en Vigo data do 13 de febreiro de 1960. A Nai Xeral, Concepción Grañeda, xunto co seu Consello Xeral, en novembro de 1959 tomaron a decisión de Fundar en Vigo unha Residencia, dada a insistencia con que se pedía a nosa presenza nesa cidade. Consequiron un chalé na rúa López Moura 2, do que era propietario Don Alvaro Quirós. Déronse os pasos necesarios, preparouse convenientemente o Chalé e foron as relixiosas que habían de formar a Comunidade. En Vigo atoparon as Irmás unha acollida sumamente cariñosa en Don Alfonso García Hermida e a súa esposa Dona Elena, amigos e benfeitores da Congregación na cidade de Vigo. O día 19 de febreiro fixeron unha visita ao Sr. Bispo Don José López Ortiz Ou.S.A. quen as recibiu moi amablemente e concedeu-lles permiso para ter Reservado e máis tarde nomeou-lles un capelán, Don Santiago Álvarez Regou, cóengo e profesor do Seminario.

Rapidamente iniciaron as obras de ampliación do chalé e a casa comezou a ter vida coas señoras que solicitaban ingresar como residentes. A Residencia Inmaculada Concepción ( Angélicas) de Vigo, definiuse sempre como un centro de atención integral, de portas abertas á comunidade, que permitiu un clima de convivencia baseado no respecto mutuo, na igualdade e na dignidade da persoa, promovendo a liberdade e independencia de cada unha.

Este respecto fixo posible unha óptima asistencia, potenciando as capacidades das señoras Residentes, reforzando os hábitos básicos de autonomía, as actividades sociais e de lecer, a través de programacións continuas, contando para iso coa iniciativa e participación da propia residente. Tamén consideramos e coidamos o "servizo de escoita", axustándonos ao máximo a cada perfil individual, nun clima de comprensión, empatía e secreto profesional.

O noso carisma de “ser anxos da soidade” realizámolo acollendo e coidando, corporal e espiritualmente, a señoras que, talvez polos cambios da vida, están inmersas na soidade, co fin de infundir nas súas vidas consolo, tenrura e misericordia que lles axuden a afrontar con serenidade a última etapa da súa vida.

Tristemente, despois de 61 anos, tivemos que tomar unha decisión dolorosa para nós e para nosas residentes, motivada, especialmente, porque a Xunta de Galicia foinos esixindo adecuacións á normativa vixente para poder ter persoas dependentes. Estudamos a forma de adecuar a casa de acordo co que nos piden, pero despois de facer un proxecto de obra vimos que quedaba sumamente reducido o número de habitacións e o custo desta remodelación era máis alto que comprar unha residencia nova; por outra banda, a nós énos imposible continuar, pois congregacionalmente estamos a pasar un momento moi difícil ocasionado pola diminución de vocacións e o envellecemento das Irmás. Engadido tamén a distancia entre o resto das casas.

A Congregación das Irmás Angélicas, sempre fixemos un gran esforzo por adaptarnos e cumprir as normativas que nos requiriron, pero neste momento non nos foi posible levar a cabo a reforma que se nos pide, polo cal nos vimos urxidas a ceder a actividade desta residencia.

Sentimos profundamente a dificultade que para as señoras e os seus familiares supón este feito polo que tentamos buscar solución a través doutra entidade que se compromete a realizar o servizo de atención que ata o día de hoxe viñémoslles prestando; de tal maneira que soamente sexa un cambio de casa, porque todos os servizos quedan cubertos na nova Residencia.

É por iso que lles proporcionamos e facilitado o traslado, tanto ás señoras como ás traballadoras, á Residencia CLECE VITAM, con domicilio en Vigo na rúa Emilia Pardo Bazán, nº 116, co fin de que as señoras queden atendidas polo mesmo persoal e as traballadoras mantivesen o seu traballo. Esta entidade ten unha gran experiencia no coidado e atención ás persoas maiores, ofrecendo unha asistencia integral desde os puntos de vista sanitario, persoal e social, segundo as diferentes situacións de dependencia.

O día 11 de abril, domingo da Misericordia o Sr. Bispo, don Luís Quintero Fiuza, tivo o detalle de presidir a Eucaristía de despedida das señoras e das Irmás. Estivo moi próximo, comprensivo e agradecido. Expresou o seu sentimento por non poder contar, de momento, coa presenza da Congregación na Diocese, xa que supuxo unha gran riqueza o carisma legado por Santa Genoveva, e agradeceu moito a misión apostólica que realizamos durante 61 anos. Resaltou o que nos preocupamos de buscar outra residencia para deixar ás señoras ben atendidas, mesmo, coas mesmas traballadoras.

Entre as últimas decisións que tomamos foi a de doar á residencia onde quedaron as señoras e en atención a elas que son tan piadosas, os obxectos sacros da Capela para que poidan continuar co Santísimo en casa e siga sendo para elas fortaleza, consolo e compañía.

Os días do 19 ao 23 de abril fóronse trasladando as señoras en pequenos grupos á nova Residencia e o día 23 a Nai Xeral, Ma. do Carmen do Amo Guerrero, e a Administradora Xeral, Teófila Gonzalo Millán visitáronlles na residencia á que se trasladaron para despedirse de todas.

## María Nai do Bo Pastor: 50 Aniversario Ilusión e fe para seguir abrindo camiños



A parroquia da cidade de Vigo, María Nai do Bo Pastor conmemorou o pasado domingo a súa efeméride cunha eucaristía presidida polo bispo de Tui-Vigo, Luís Quinteiro, que, aínda que estaba prevista para o ano pasado, tivo que reprogramarse ata o de agora debido á Covid-19. Deste xeito, a parroquia dos capuchinos convértese na última das 14 parroquias creadas en 1970 en conmemorar o seu 50º aniversario.

Ao comezo da misa, o párroco, o P. Faustino García, realizou un breve percorrido pola historia da comunidade erixida en 1903 como convento dos Irmáns Menores Capuchinos. Na súa presentación, o pai Faustino destacou os grandes momentos vividos neste últimos cincuenta anos, agradecendo a colaboración e o servizo de centenaes de segres e sacerdotes que fixeron posible manter a actividade pastoral, social e cultural de María Nai do Bo Pastor.

O bispo Mons. Luís Quinteiro expresou o seu agradecemento á acción misioneira da parroquia dos Capuchinos que, xunto coas demais ordenes relixiosas presentes na cidade de Vigo, constitúen un impulso importante para o labor evanxelizador da Igrexa diocesana. Neste sen-

tido, exhortou aos presentes a «afrontar con creatividade as circunstancias actuais marcadas pola pandemia e non resignarnos a unha actitude puramente pasiva; a non aceptar que a nosa debilidade nos paralice porque a nosa vida cristiá está marcada polo compromiso, pola proximidade. Necesitamos ilusión e fe para seguir abrindo camiños novos».

## **Ano Xubilar Xosefino**

### **A Igrexa debe renovar o seu compromiso coas persoas que non teñen traballo**



A celebración do Ano Xubilar Josefino comezou o día 1 de maio na parroquia viguesa de San Xosé Obreiro e Santa Rita, cunha misa presidida polo bispo Luís Quinteiro, coincidindo coa solemnidade de San Xosé Obreiro, patrón dos traballadores.

«A Igrexa debe renovar o seu chamado, anuncio e compromiso coas persoas que non teñen traballo», declarou o bispo Mons. Luís Quinteiro durante a súa homilía, destacando o importante papel do traballo na dignificación da persoa non só porque ofrece sustento, senón porque a asocia coa creación da vida.

O pastor da Igrexa da Tui-Vigo tamén convidou os presentes a fixar a mirada en san Xosé que, a través do exercicio da súa paternidade, converteuse nun exemplo cariñoso, tenro, fiel e traballador para todos os pais.

Ao longo dos próximos meses, organizaranse outro tipo de actividades e celebracións nas cinco igrexas dedicadas á figura de san Xosé —catro templos parroquiais e unha capela— en Chandebrito, A Laxe, Ribarteme, Vigo e Prado, aos que tamén se suma a igrexa da Sagrada Familia situada nesta cidade olívica.

O Ano Xubilar coincide co 150 aniversario da declaración asinada polo beato Pío IX na que declaraba a san Xosé como Patrón da Igrexa católica. Para profundar no sentido desta convocatoria, o bispo de Roma explicou na súa carta apostólica *Patris Corde* —Corazón de pai—, que «san Xosé lémbra-nos que todos os que están aparentemente ocultos ou en “segunda liña” teñen un protagonismo sen igual na historia da salvación».-

## 13 de maio: Consagración ao Sagrao Corazón de Xesús e aniversario de ordenacións sacerdotais



### Para que todos sexan un

O día 13 de maio na Seminario Menor de Tui, congregou a unha nutrida representación do clero diocesano para renovar a consagración do Seminario ao Corazón de Xesús, que este 2021 cumpre o seu centenario, e para celebrar as “vodas sacerdotais” de diamante, ouro e prata, como é habitual desde fai tres cuartos de século. Os que crumpren aniversarios son os seguintes sacerdotes, tanto seculares como regulares::

#### **Bodas de diamante:**

- D. Luis Alonso Fernández
- D. Pascual Bermúdez Fernández.
- D. Antón conde Rodríguez, SDB.
- Mons. José Diéguez Reboredo.
- D. Cnstantino Fernández Estévez.
- D. Luis Hierro Najarro.
- D. Laurentino López Pérez



**Bodas de Oro:**

Mons. Luis Quintero Fiuza

D. Avelino Bouzón Gallego

D. Fernando Domínguez Ordoñez, SBD.

D. Alfredo González Sánchez, SDB.

D. Isidro Lozano Lozano, SBD.

D. Gumersindo J. Maquieira Martínez.

**Bodas de Plata:**

D. J. Rafael Antela Alfaya.

D. José eugenio Domínguez Carballo..

D. Santiago Jesús Freire Comesaña.

D. Ángel Fernández Prado, SDB.

A Igrexa de Tui, tal e como explicou Mons. Luís Quintero durante a súa homilía, demostrou estar en sintonía co momento eclesial da España de 1921. Tres anos antes, a devoción ao Sagrado Corazón de Xesús habíase enraizado debido á consagración de España. Un século despois, a vila tudense continúa demostrando a súa fidelidade a Deus a través desta devoción. O bispo destacou que a presenza do clero, unido en comunión fraterna, manifesta a alegría e a beleza da vocación sacerdotal capaz de dar sentido a unha vida.

Como signo dunha vida entregada ao ministerio sacerdotal na presenza do Señor, os homenaxeados ofreceron esa luz de Cristo ao pastor da Igrexa Diocesana, para manifestar o seu desexo de «alumar ás nacións», tal e como reza o himno do Seminario ao Sagrado Corazón.

Despois da bendición, os asistentes encamiñáronse do templo ao claustro sur para adorar a Eucaristía e renovar esa consagración en íntima unión espiritual co monumento do Sagrado Corazón de Xesús, obra do escultor italiano Lucas Arricina. O bispo rezou a oración e, ao finalizar, o coro entoou aquel himno centenario cun desexo claro: «fórmalos sacerdotes á túa imaxe para alumar ao mundo coa túa luz; sacerdotes que recen e traballen e que amen as túas espiñas e a túa cruz».

Antes das felicitacións, o bispo de Tui-Vigo e os homenaxeados

pousaron ante o monumento para deixar retratado un recordo da xornada que permanecerá á espera de ser recuperado, posiblemente, no próximo (bi)centenario.

A despedida de Mons. Luís Quinteiro converteuse nunha invitación para lembrar aqueles rostros que formaron parte da historia da vocación persoal; rostros con nome que, aos poucos e da man, acompañaron a cada sacerdote no seu camiño de discernimento. Pero tamén unha invitación para rememorar a ilusión dunha vocación, dunha existencia consagrada —anhelos, pensamentos, desexos, intelixencia, afectos, vontade...— a Cristo que poida inspirar a outros mozos para descubrir ese mesmo carreiro que Deus debuxou para a súa vida.

## Aniversario do Centro de escoita da Diócese



Mañá, O día 29 de maio, celebrouse o terceiro aniversario da inauguración en Vigo do Centro de escoita, un lugar de encontro no que se

acompaña a persoas e familias que necesitan ser escoitadas e acollidas. Con este motivo, o pasado martes 25 presentouse o resumo das actuacións desenvolvidas neste último ano marcado pola pandemia do coronavirus.

Ante a difícil situación que vivimos nos duros meses de confinamento o Centro decidiu continuar a atención de modo telefónico e iniciou unha campaña de difusión a través da radio e as redes sociais. Tras ese tempo son moitas as persoas que contactaron co Centro de Escucha para afrontar principalmente as dificultades da vida familiar que afloraron e para acompañar situacións de soidade e procesos de duelo.



## As Pascuillas

O santuario da nosa Señora da Franqueira prepárase para celebrar novamente, dentro do marco normativo establecido polas autoridades sanitarias, a súa festa de As Pascuillas, que o ano pasado suspendeuse por mor da pandemia da Covid-19.

O 15 de maio, desde o santuario da Franqueira iniciouse a novena de preparación para a festa que os fieis poderán rezar, de luns a venres, ás 20 horas, os sábados ás 18 horas e o domingo ás 16:30 horas.

O domingo 16, festa da Ascensión do Señor, houbo misa ás 11 e ás

17 horas; mentres que na solemnidade de Pentecoste prevista para o 23 de maio, as misas celebráronse ás 10, 11, 12, 17 e 18 horas, con rezo do rosario e novena previo á eucaristía das 17 horas.

O luns, 24 de maio, día da festa, houbo eucaristía, pola mañá, ás 9, 10 e 11; e, pola tarde, ás 17, 18 e 19 horas. A misa solemne celebrouse ás 12 horas.



A Xornada da Acción Católica e o Apostolado Segrar quixo recoller o traballo desenvolvido no Congreso Nacional de Laicos organizado en Madrid en febreiro de 2020, baixo o lema «Os soños constrúense xuntos». O pasado sábado 22, a delegación episcopal de Apostolado Segrar celebrou esta Xornada na que manifestaban que “o laicado é, somos, a gran maioría da Igrexa. Camiñamos xuntos, témonos en conta os uns aos outros, descartamos o individualismo e a competición. Descubrimos na fraternidade o horizonte ao que estamos chamados por Deus”.

Mons. Luís Quintero presidiu a vixilia de Pentecoste e exhortou aos congregados, representantes de diversas realidades diocesanas — familias, novas, membros de movementos e asociacións, etc.—, a non caer na lamentación que paraliza, senón a poñerse en camiño, a actuar, “porque os cristiáns estamos aquí para dar sentido á vida, á sociedade”.

Durante toda a celebración, o Apostolado Seglar e a Acción Católica de Tui-Vigo manifestaron os catro soños que queren construír: un soño social, cultural, ecolóxico e eclesial que embarque a toda a Igrexa nun proceso de impulso e dinamización, en comunión e responsabilidade.

## **IV Consello Diocesano de Pastoral Crónica da reunión do 5 de xuño de 2021**

Baixo a presidencia do noso bispo, D. Luis Quintero Fiuza, o sábado 5 de xuño de 2021 reúnese a Plenaria do CDP no Seminario Maior de Vigo para a revisión da Programación Pastoral 2020-21 e a proposta para o vindeiro curso, 2021-22.

Despois do rezo de Tercia e da lectura da acta da xuntanza anterior, o noso bispo chama a non perder a forza e a esperanza para podermos saír desta difícil situación que estamos a vivir. D. Luis debulla na súa intervención o itinerario a seguir. En primeiro lugar, o camiño, que é o da proximidade, o achegamento ás persoas nas parroquias, nas familias, nas diferentes dimensións pastorais. Asemade, verbaliza o método: afrontar os retos diarios, vivir cada día os seus problemas, tal e como facían as primeiras comunidades cristiás cuxa vida tan ben recolle o libro dos Feitos dos Apóstolos que temos debullado nesta cincuentena

pascual. Neste sentido, o bispo quere manifestar publicamente no seo do CDP para que este o transmita a todos os recunchos da diocese, o seu agradecemento a todas as parroquias polos esforzos feitos ao longo deste tempo de pandemia, no que a presenza da Igrexa foi moi importante. Afirma que a xente non perdeu a confianza na Igrexa, e que os templos foron lugares seguros grazas ao esforzo de todas e de todos.

Finalmente, D. Luis sinala os retos que se nos presentan como Igrexa diocesana e que se poden resumir nunha palabra: atención. Atención ás persoas maiores, atención ás persoas doentes, atención ás persoas máis vulnerables, atención ás familias, atención á xuventude.

Despois das alentadoras palabras do noso bispo, toma a palabra D. Xosé Vidal Novoa, Vigairo de Pastoral. Pide escoitar das diferentes voces presentes na plenaria as súas impresións ao respecto de como se viviu este tempo de pandemia. Neste sentido, dado que no CDP hai representación de todos os ámbitos eclesiais: catequese, caridade, liturxia, ensino... parece que se converte nun eido axeitado para coñecer as diferentes vivencias.

Ábrese entón unha rolda de diálogo, da que entresacamos o seguinte decálogo de liñas principais:

1. Non se cesou na atención ás persoas máis necesitadas, aínda que si se perdeu o contacto humano. Neste sentido cómpre destacar que a pandemia puxo ao descuberto a vulnerabilidade de moita xente, descubríndose moitas necesidades que se puideron ir parcheando grazas á xenerosidade e á implicación das comunidades parroquiais.

2. As novas tecnoloxías: youtube, whatsapp, skype convertéronse nun mar de evanxelización, pois ademais de permitir a retransmisión das celebracións litúrxicas e a catequese, permitiron tamén o contacto interpersoal na distancia.

3. Maior implicación das familias na catequese.

4. Un denominador común: o medo. Medo a asistir ás celebracións, medo a encontros presenciais. Coa vacinación atopámonos agora en proceso de recuperación.

5. Cando se puido volver á presencialidade nas celebracións, cons-

tátase unha baixada do número de persoas que asisten, sobre todo nos primeiros momentos. Agora estamos en proceso de recuperación, aínda que moi lentamente.

6. As persoas maiores aparecen coma as grandes prexudicadas da pandemia, fundamentalmente pola soidade que sufriron e que tentou ser mitigada a través do contacto e a escoita telefónicos.

7. As persoas con algún tipo de discapacidade tamén sufriron o seu ao verse privadas da súa rutina, das súas actividades, dos seus obradoiros e estar tanto tempo sen poder botar un pé fóra da casa ou da residencia na que viven.

8. A vida interna das diferentes comunidades relixiosas tamén se viu altamente afectada polo confinamento.

9. Replantexamento de vida ou reconstrución aparecen como dous termos fundamentais ligados a esta dura situación. Replantexar as nosas seguridades, recoñecendo a nosa fragilidade. Reconstrución para poder volver recuperar a ilusión, coa certeza de que hai que cambiar moitas cousas. Como exemplo do que vimos dicindo citaremos a Cáritas diocesana, que cambiou o seu plan de comunicación para chegar á xente; o plan de cooperación para non perder a mirada universal e o plan de voluntariado.

10. No eido do ensino, constátase que foi un curso moi moi difícil: medo, frío, tensión, aulas virtuais... As persoas docentes presentes no CDP manifestan que houbo que facer un traballo de escoita activa da infancia e da mocidade.

Despois desta rolda de diálogo tan enriquecedor, toma a palabra D. Xosé Vidal Novoa, quen realiza unha análise desta situación desde a Vigairía de Pastoral. Afirma que non se pode avaliar o Plan Pastoral 2020-21 porque non se puideron desenvolver as accións propostas. Insiste no feito de que a nivel pastoral foi peor o curso 2020-21 que o anterior, xa que no curso 2019-20 ata o mes de marzo houbo normalidade. Porén, no curso 2020-21 se ben no momento no que se aprobou o Plan Pastoral (setembro 2020) parecía que estabamos saíndo da crise, o paso do tempo demostrounos que non era así. Foi un longo outono e un longuísimos inverno de incertidumes, con concellos perimetrados,

sen xuntanzas, con xente confinada... o que impediu que se puidesen desenvolver as accións propostas, pois a presencialidade só se puido recuperar cara a final de curso.

Asemade, D. Xosé Vidal Novoa destaca a creatividade e a implicación dos diferentes axentes pastorais para dar resposta ás complexas situacións que se ían presentando. Afirmo que se ofreceron alternativas moi interesantes.

Despois dun café con leite para repoñer forzas, retomamos a xuntanza. O Vigairo de Pastoral explica que na última xuntanza da Comisión Permanente celebrada no mes de abril propúxose, e así se lle propón hoxe á plenaria, manter este mesmo plan pastoral para o vindeiro curso 2021-22, pois tanto os obxectivos propostos como as accións nel contidas seguen sendo perfectamente válidas.

A asemblea decide asumir este plan para o curso 2021-22.

Ademais, desde a Comisión Permanente sinálanse algúns acontecementos e accións que van ter lugar o vindeiro curso e que pensa deben estar recollidas no novo plan:

1) O Sínodo dos Bispos: D. David Viso informa á asemblea deste evento cuxa apertura será no mes de outubro de 2021 e que ten unha fase diocesana que se desenvolverá entre outubro de 2021 e abril de 2022. Durante esta fase, despois de ter traballado o Documento Preparatorio, enviaranse as achegas das diferentes dioceses á Conferencia Episcopal Española.

2) Escola de Teoloxía para Segrares: D. Juan Carlos Alonso Gómez, Delegado Diocesano de Ensino Escolar, é convidado para falarlle á asemblea desta acción. Afirmo que o bispo está moi interesado en artellar na cidade de Vigo unha escola de Teoloxía para segrares. Encomendoulle este proxecto a D. Uxío Nerga Menduiña, D. Xosé Vidal Novoa e D. Juan Carlos Alonso Gómez. Será unha formación sistemática e básica, que abrangue os grandes tratados da Teoloxía: Cristoloxía, Moral, Biblia, Pastoral...

3) Crear o Servizo Diocesano para o catecumenado: D. Xosé Vidal Novoa reparte á asemblea un bosquejo do que sería esta acción.



Trátase de establecer un servizo diocesano para o catecumenado que, sen detraer a importancia que a comunidade cristiá inmediata, a parroquia, ten no proceso de iniciación cristiá, se poña ao seu servizo ofrecendo axudas, materiais, itinerarios e orientacións, mesmo se fora necesario organizando no ámbito diocesano un espazo de acollida e formación das persoas catecúmenas.

Para finalizar, D. Xosé Vidal debulla a folia de ruta:

- A Comisión Permanente redactará o borrador do Plan de Pastoral 2021-22 na primeira quincena de xuño.

- Dito borrador enviarase por correo electrónico ás persoas que conforman a plenaria do CDP.

- Consultada a asemblea sobre se considera necesario ter unha xuntanza para aprobar o borrador enviado, esta responde que non, que a Comisión Permanente ten o voto de confianza da asemblea para a redacción do Plan.

